

ANTONIO FRAGUAS FRAGUAS: FITOS SENLLEIROS DUNHA VIDA DEDICADA A GALICIA

ANTONIO FRAGUAS FRAGUAS: SINGULAR MILESTONES OF A LIFE DEVOTED TO GALICIA

Clodio González Pérez

Nesta data sinalada do 17 de maio de 2019 dedicada á memoria de don Antonio Fraguas Fraguas, de estar hoxe aquí connosco, na súa querida carballeira de Famelga, seguro que nos contaría historias e lendas do concello de Cotobade, de como se desenvolvían antano as festas e os seráns e tamén faría lembranza de persoas e acontecementos que deixaron pegada para sempre na súa existencia: a nai, “mamá Antonia”, o mestre don Antonio Vidal, Sebastián González García-Paz, o profesor Antón Losada Diéguez, os compañeiros do Seminario de Estudos Galegos (SEG), a ledicia do día que chegou ao instituto da Estrada... Aquí faría adrede unha paréntese, como se non existisen os feitos seguintes ao 18 de xullo de 1936, para, de novo, co sorriso nos beizos, recordar a estadia en Lugo, o regreso á sempre querida Compostela, a inauguración do Museo do Pobo Galego e, se cadra, ata a amizade espiritual que mantíña co Apóstolo Santiago dende que o bautizaron na igrexa de Santiago de Loureiro.

Non é doado resumir en poucas palabras toda unha vida. Quixera dispor de tempo abondo para poder repetir só parte do que me contou os días que pasei con el para redactar a súa biografía, a comezos dos anos noventa. Pero como non é posible, cinguireime entón a lembrar non máis que sete fitos senlleiros, dende a nenez ata o pasamento, aqueles que foron o lévedo de que medrase nel a pulos o compromiso e a lealdade pola Terra, por Galicia.

INSUELA E “MAMÁ ANTONIA”

Naceu o 28 de decembro de 1905 a curta distancia de onde estamos¹, en Insuela, unha aldeíña no seu tempo de seis casas vivendas, como el dicía, todas coñecidas

1 O acto celebrouse na carballeira da antiga feira de Famelga (Aguasantas-Cotobade), a uns 800 metros da súa casa natal.

polos nomes ou alcumes das mulleres: a da Rendeira, a de Manuela (que era a súa, por chamarse así a muller do tío avó Santiago Ogando), a de Susana, a de Anxela e a de Pilara. Non é de estrañar que nas denominacións predominase o matriarcado, tendo en conta que era unha terra onde moitos dos homes pasaban parte do ano fóra da casa traballando de canteiros.

A nai, María Teresa, nacera en Listanco, no concello ourensán de Maside, filla dunha moza dese lugar e dun canteiro de Loureiro, pero veu de nena para a parroquia do pai a herdar duns tíos sen descendencia. A infancia do fillo estivo marcada ata os sete anos polo estigma de que o pai, Manuel, emigrara a Brasil antes de casar, que o recoñeceu ao volver, o 7 de agosto de 1912.

Con eles vivía unha criada sen soldada (pola comida e o vestido), Antonia Pérez Estraviz, natural de Mondariz², que tiña 58 anos cando el naceu e que foi unha das persoas que máis sinalada pegada deixou nos primeiros anos da súa vida. Analfabeta, pero un manancial inesgotable de sabedoría popular, que espertou a curiosidade do neno por coñecer as crenzas e as diversións dos devanceiros, de tal xeito que logo abondaría o consello dun profesor do instituto para que comezase a tarefa que xa non deixaría ata o pasamento. Moitos anos despois, cando xa cumprira os 80 anos, aínda recoñecía o que supuxera para o seu futuro “mamá Antonia”:

Con amor de nai coidou da miña infancia, polo que eu en xusta compensación chameille sempre *mamá Antonia*. Sen saber ler nin escribir pero dotada de gran memoria, ensinoume oracións, ditos, refráns e cántigas, lendas de santos, de mouros, de ladróns e contos de xentes que van de camiño.

O MESTRE DON ANTONIO E A ESCOLA DE FAMELGA

Antes impartira clase no colexio de Covelo (A Lama), como lle adoitaban chamar para diferencialo da escola pública. Un centro, o máis soado da contorna, que mandara construír e que sostiña o benemérito mecenas Manuel Barreiro Cabanelas, alias o “Conde de Covelo” ou “de Cabanelas”, título nobiliario que non posuía pero merecía ben máis que outros moitos.

Veu para Famelga e axiña acadou sona de que ensinaba moi ben. Cadrou que, por este tempo, a familia de Antonio Fraguas estaba decidida a emigrar a Brasil, e para que o neno aprendese algo máis (que na escola da súa parroquia foi ben

2 Don Antonio di natural de Sobrado dos Monxes e que casou en Mondariz, pero na partida de defunción consta como da segunda poboación, viúva e que se ignoraba se lle quedaba descendencia (Registro Civil de Cotobade: Defuncións: Antonia Pérez Estravid [sic]).

pouco, malia que o mestre fose tío político), acordaron mandalo a esta escola ata a data de partir, coa idea de que chegase a maquinista das locomotoras que andaban polas vías que construíra o pai algúns anos antes.

Pasaron varios meses, e cando o mestre soubo que xa estaban cos preparativos, mandou vir o pai á escola, segundo dicía o 28 de marzo de 1919:

– *Dile a tu padre que venga a hablar conmigo.* Meu pai moi asustando preguntoume: E logo ti ¿que fixeches? Nada, respondín eu. Fíxome así como un cento de veces a pregunta, e deille sempre a mesma resposta. Meu pai tiña tal suseña, que non durmeu ren, cavilando no que faría eu. Moi cedo foi a Famelga e Don Antonio díxolle: –*Señor Fraguas: no marche con el chico, dele una carrerita.* A resposta de meu pai, foi a verdade: Non temos medios económicos. Don Antonio, gaboume moito e díxolle que a carreira custaría pouco, e doulle unha explicación de como faría a carreira de maestro comenzando polo bachillerato e pasando ó maxisterio.

Meu pai viña contento por os ditos e triste pensando que non sería maquinista no Brasil. Cando chegou á casa e cando contou o de darlle unha carreira, miña nai dixo: ai pois, si. Eu levei o recado: Mire se ve que vallo para o estudio que quedo e se non vou pró Brasil.

O seguinte 14 de abril asinou a solicitude para examinarse de ingreso de bacharelato no Instituto de Pontevedra, que remata en xuño de 1924.

O exalumno nunca deixou de relacionarse co mestre. Anos despois pediulle axuda para o cancionero de Cotobade, que comezou a recompilar cando cursaba sexto de bacharelato. E xa licenciado, un día foi a Famelga a impartir unha clase de arqueoloxía ao mestre e aos nenos no castro que queda preto da escola, onde fixeron varias catas e descubriron algúns restos de cerámica e anacos de muíño de lavadoiro.

PONTEVEDRA E A SOCIEDADE DA LINGUA

No mes de xuño de 1919 aproba o ingreso e no setembro seguinte o primeiro curso. Pero a estadía non foi máis que do tempo que duraron os exames, xa que aínda cursaría segundo por libre, non empezando a vivir en Pontevedra ata o comezo do curso 1920-1921.

Daquela eran tan poucos os alumnos do rural que ían ao instituto, que para os compañeiros dende o mesmo día que chegou sempre foi “Antonio, o da aldea”. Alcume que non rexeitaba e que ata “houbo xa momentos en que presumía de que era ‘o da aldea’”. A influencia dalgúns profesores e compañeiros nesta tempada foi

decisiva: dos primeiros, Antón Losada Diéguez, e dos segundos, Sebastián González García-Paz.

Vai ser aquí onde esperte no mocíño de Loureiro o interese por Galicia, pola cultura e a lingua. Non sabemos se xa fixeran algo antes, pero hai unha data moi sinalada, o mes de abril de 1924, en que con outros compañeiros acordan fundar a “Sociedade da Lingua”, para a que redactan unhas “Regras e preceutos”, dos que salientan dous: a defensa do galego, daquela marxinado de todo, e a recompilación dun dicionario ante a dificultade de consultar os poucos que había.

Crearon un distintivo, unha insignia para lucir na lapela da chaqueta, de forma triangular coas letras iniciais S. D. G. nos vértices, que chamou a atención dos demais alumnos e ata dalgúns profesores, como Losada Diéguez: “quen ó saber das nosas inquietudes nos alentou a traballar e díxonos que había que recoller lendas, cantigas, contos e todo canto tivera que ver coa Historia de Galicia e coa súa cultura”.

O consello do profesor boborao foi decisivo: axiña empezou a recompilar as cantigas da súa terra, como diría moitos anos despois no limiar do libro *Aportacións ó cancionero de Cotobade* (1985): “estes centos de cántigas foron recollidas por min hai máis de sesenta anos, cando era escolante no Instituto de Pontevedra”.

COMPOSTELA E O SEMINARIO DE ESTUDOS GALEGOS

A capital galega converteuse na súa segunda patria dende o día que chegou en tren a comezos do curso 1924-1925, mantendo dende entón casa aberta, así como tamén en Loureiro de Cotobade, ata nos anos que estivo fóra, na Estrada e en Lugo.

Cando chegou non tiña moito con quen relacionarse xa que Sebastián González García-Paz non veu de alumno oficial ata o segundo curso. Soubo entón dunha nova que non lle gustou, a desaparición da Sociedade da Lingua, da que tanto agardaba dende os consellos de Losada Diéguez.

En Compostela estaba o Seminario de Estudos Galegos, fundado en 1923 por un grupo de universitarios e algún profesor, como Armando Cotarelo Valledor. Segundo contaba, durante o primeiro curso só asistiu a un acto, pero non así no seguinte ao vir como alumno oficial o amigo “Tano” (Sebastián), en que se empezan a relacionar cos da súa idade, como Xosé Filgueira Valverde (un ano máis novo ca el pero que ía máis adiantado por cursar o bacharelato ao seu tempo), Fermín Bouza Brey, Lois Tobío Fernández, Ramón Martínez López, Xaquín e Xurxo Lorenzo... e logo cos para eles xa respectables membros do grupo Nós, que se constituíra en Ourense en 1920 arredor da revista do mesmo nome: Otero Pedrayo, Risco, López Cuevillas e algúns dos seus profesores en Pontevedra, Castela e Losada Diéguez.

Nos últimos anos da vida lembraba con señardade o día que ingresara como socio activo, o 5 de novembro de 1928, a participación nas xeirás das terras do Deza, de Melide e do Saviñao, de cando empezou a publicar en *Nós* (1929) e en *Arquivos* (1930), o primeiro traballo sobre Cotobade (“O Entroido nas terras do sul de Cotobade”), a conferencia que impartira no Ateneo de Vigo da que só saíu un “retallo” na revista e tamén se fixo separata (“O culto ós mortos”), a alegría dos parentes ourensáns ao verse citados en “Do folk-lore de Armeses-Listanco”...

Pasaron moitos anos, ocorreron durante este tempo arrepiantes sucesos que arramplaron co Seminario, pero nunca rexeitou do que alí aprendera e da sorte de ter por compañeiros a persoas unidas por unha causa común e altruísta: a mellora cultural, social e material de Galicia.

AS IRMANDADES DA FALA E O PARTIDO GALEGUISTA

Aos 18 anos, cursaba quinto de bacharelato, participa por primeira vez nun mitin político na súa parroquia de Loureiro a prol de Manuel Portela Valladares, promovido polas Sociedades Agrarias do Distrito, “un hombre ilustre cuyo solo nombre es una ejecutoria de triunfo”, segundo a folia que se repartiu anunciando o acto, afirmando que o principal obxectivo era combater o caciquismo, un mal endémico do noso rural, que dende a capital chegaba cos seus tentáculos a toda provincia:

Pontevedra era unha cidade tranquila con grandes resoancias de políticos e da política, fartura de lendas de caciques e famosos pucheirazos celebrados con delicado sortilexio da picaresca electoral, a favor de algún candidato a Diputado a Cortes.

Se cadra tamén foi na vila do Lérez onde mantivo os primeiros contactos con membros das Irmandades da Fala, tendo en conta que a agrupación pontevedresa se constituíra en 1916, tres anos antes de el ir para a cidade. Pero máis seguro é que fose a finais de 1924, en que aparece o seu nome nunha relación de afiliados á delegación compostelá da Irmandade Nazonalista Galega. Justo Beramendi, referíndose en particular á súa participación na política, cualifícao atinadamente de “soldado fiel”, por non figurar nunca en postos de resonancia, en polémicas ou publicando artigos de contido político.

En 1928, ou xa en xaneiro de 1929, intervén nunha xuntanza que celebran na casa de Camilo Díaz os representantes das Irmandades da Fala de Santiago, A Coruña e Ourense (F. Zamora, Vicente Risco, Florentino López Cuevillas e Ramón Otero Pedrayo), na que acordaron fundar “unha organización nacionalista pura, sen parlamentarismo, nin regamentos, o máis segreda, rápida e eficaz posible”, á vez que nomean presidentes locais a Francisco Abelaira na Coruña e

o crego Paulino Pedret en Santiago, o que non gustou ao sector republicano por pertencer ambos os dous á liña católica.

No mes de decembro de 1931 toma parte na fundación do Partido Galeguista. Nos anos seguintes participa en varios mitins, como nun en Maside, o 7 de maio de 1932, con Ramón Otero Pedrayo, Castelao, V. Casas e L. González Salgado, do que contaba que en adiante Don Ramón cando se dirixía a el adoitáballe dar o tratamento de “Deputado por Listanco”, pola aldea masidá onde nacera a nai.

A súa época máis activa como político corresponde á de secretario na Estrada do devandito partido, en 1936: participa nas eleccións do 16 de febreiro nas que trunfa a Fronte Popular, e no mes de xuño do mesmo ano nas do plebiscito do Estatuto de Autonomía durante as que intervén en numerosos mitins, como o día 11 nas parroquias de Callobre e Tabeirós, o 13 na de Oca, o 14 nas de Codeseda e Rubín..., e o 26 no do remate da campaña na capital do concello, no que tamén faláron Castelao e Enrique Rajoy Leloup.

A sublevación fascista do 18 de xullo sinala a fin dunha época ateigada de ilusión e compromiso, e o comezo da persecución, da expulsión do ensino, do ostracismo, do silencio...

A REAL ACADEMIA GALEGA

O 13 de decembro de 1942 ingresa na Real Academia Galega como membro correspondente. O acto desenvolveuse no paraninfo da Universidade compostelá e debeu ser no que maior número recibiron tal distinción, en total 30, entre os que estaban Francisco Vázquez Saco, Xosé Trapero Pardo, Antonio Iglesias Vilarelle, Xaquín Lorenzo Fernández, Xosé Ramón e Fernández Oxea, Aquilino Iglesia Alvariño, Ramón Vilar Ponte... Foi o primeiro recoñecemento do seu labor como etnógrafo e arqueólogo no SEG, xa que dende 1936 non volvera a publicar nada.

Pouco máis de oito anos despois, o 19 de abril de 1951, a proposta de Salustiano Portela Pazos, Ramón Otero Pedrayo e Luís Iglesias Iglesias, é nomeado académico de número, aínda que o discurso de ingreso non o le ata o 8 de maio de 1956, unha lembranza dos seráns ou foliadas que organizaba a mocidade na súa parroquia de Loureiro que poeticamente titulou *Roseiras e paxariños nas cantigas dun serán*. Cadroulle a cadeira que ocupara Castelao, do que fixo ao comezo unha apaixonada loanza, atrevéndose ata a mencionar publicacións perseguidas polo réxime:

Veño para o sitio dun home cuxo nome leva unha proxección universal de sincera grandeza e popularidade. Pasará o tempo, moito tempo, e na casa máis apartada non se esquecerán as *Cousas da vida* por Castelao e para os artistas e para tódolos espíritos de fina sensibilidade, Castelao será sempre a luz acesa

nos infindos horizontes. O seu nome vai no encanto das paisaxes da terra e das preocupacións humanas. [...] Xenio superior, alto e lanzal, guiado coa máis pura sinxeleza, sentiu os pesares cedo e sentiunos sempre [...] *Sempre en Galiza*, a mellor, máis nobre e máis sincera interpretación da terra [...] O álbum *Nós* mereceu que nos xuízos críticos dixeran del que non se fixera nada igual dende Goya. (Máis tarde debuxou *Galicia mártir*, *Atila en Galicia* e *Milicianos*).

O nomeamento significou moito para el, non xa polo recoñecemento do valor que se lle daba á súa obra, senón, como diría anos despois, por “ocupar o lugar de Castelao. Se fose outra persoa calquera sería moi importante, pero non suporía o orgullo e o compromiso de intentar continuar o labor que un home tan importante coma Castelao comezara”.

UNHA VELLA ARELA: O MUSEO DO POBO GALEGO

O 29 de outubro de 1977 tivo lugar o acto de inauguración das primeiras salas do Museo do Pobo Galego (MPG), presidido polo entón ministro Pío Cabanillas Gallas, e coa asistencia, entre outros, de Xaquín Lorenzo e Antonio Fraguas, presidente do Padroado e director, respectivamente.

Nacía o museo de Galicia que trataran de crear medio século antes os socios do SEG, por iso os que aínda vivían acolleron con afervoamento a suxestión dos finados Carlos García Martínez e Rafael Baltar Tojo, e Justo Beramendi González e Manuel Gallego Jorreto, que contaron dende o comezo coa colaboración de María Xosé Fernández Cerviño.

O MPG ateigou de ledicia os últimos anos de Antonio Fraguas, ao ver como se materializaba un dos seus soños máis devecidos da xuventude, e o mesmo o doutros compañeiros de angueiras. Na Estrada, durante a estadía ao fronte do instituto como secretario, creou un pequeno museo centrado exclusivamente na zona, na Terra de Tabeirós, para o que desexaba como sede a torre de Guimarei, ilusión truncada pola sublevación militar do 18 de xullo, o mesmo que o do colexio de Fonseca, sede do SEG.

Desempeñou a dirección dende o 31 de xullo de 1976 ata o 16 de decembro de 1989, en que foi nomeado presidente do Padroado, ao finar Xaquín Lorenzo. Cargo no que se mantivo ata poucos días antes do pasamento, o 29 de maio de 1999, que renuncia por cuestións de saúde. O seguinte día 5 de novembro falecía na súa querida Compostela.

EPÍLOGO A TODA UNHA VIDA

Don Antonio nunca deixou de ser aquel neno da aldea, de Insuela, que sabía dos labores do campo e do coidado do gando como calquera dos veciños que non tiveron a sorte de estudar, e tamén das diversións e das festas, non só de Loureiro, senón de todas as parroquias do concello cotobadés, como a de san Roque de Carballedo que amenizou varios anos o soado gaiteiro de Soutelo, Avelino Cacha-feiro, do que dicían:

O gaiteiro de Soutelo
un raio de Dios o mate,
non quere tocar a gaita
se non lle dan chocolate.

O Entroido, ao que dedicou o primeiro estudo sobre a súa terra, publicado en 1930 na revista *Nós*, e os seráns que a mocidade organizaba á noite, aos que asistiu máis dunha vez, e logo dedicou o discurso de ingreso na Real Academia Galega, o 8 de maio de 1956, no que non faltan cantigas como esta, que recollera moito antes por consello de Losada Diéguez cando estudaba bacharelato:

De Loureiro a Rebordelo
todo é camiño chan,
todas son rosas e flores
postas pola miña man.

Don Antonio foise para sempre de Insuela o 5 de novembro de 1999, pero o corpo, pois o espírito, como o das ánimas das que tantas veces falou (dende que en 1931 publica “O culto ós mortos”), nunca deixou, nin o fará no futuro, o seu Cotobade, que percorre silandeiro dende entón, albiscando cos ollos do alén estas terras e estes montes tan queridos.

Tamén estará agora aquí entre nós, nesta carballeira de Famelga na que tantas veces xogou de neno á pedriña, ao zamaquiño, á billarda, á pita cega... E ao mesmo tempo en Pontevedra, lembrando os anos de estudante e os profesores Antón Losada Diéguez e Castelao; na Estrada, vendo como a torre de Guimarei segue abandonada; dando un paseo pola muralla de Lugo, e de animada conversa polas rúas de Compostela cos amigos Isaac Díaz Pardo, Fermín Bouza Brey, Xosé Filgueira Valverde, Sebastián González García-Paz...

Hoxe, 17 de maio, anda por toda Galicia.

Poucos anos antes do pasamento, sen perder a ilusión de mozo, malia que o corpo xa feble presaxiaba a fin, resumía o seu labor, o seu compromiso de toda unha vida con estas sinceras e humildes palabras:

Eu traballei sempre por e para Galicia. Unhas veces acertei, outras non; pero en todo canto levo feito puxen sempre toda a miña ilusión, todo o pouco que sei, sen esperar nunca nada a cambio. A miña modesta obra non é máis que un pequeniño gran de area no montón que foron facendo todos aqueles que, de moi distintas maneiras e cadaquén ó seu xeito, traballaron ó longo dos anos, traballan agora e seguirán traballando arreo no futuro, sempre desinteresadamente, non máis que polo ben de Galicia. Por amor á nosa Terra.

Que a memoria de don Antonio Fraguas Fraguas perdure ao longo dos séculos!

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Beramendi, Justo (2006): “O soldado fiel”, en Carlos García Martínez, María Xosé Fernández Cerviño e Xosé Manuel González Reboredo (eds.), *Antonio Fraguas Fraguas (1905-1999): un home que traballou sempre “por e pra Galicia”. Ofrenda no seu Centenario*. Santiago de Compostela: Museo do Pobo Galego, 180-195.
- Fraguas Fraguas, Antonio (s.d.): “Notas da miña vida e do meu tempo”, ms. Museo do Pobo Galego: *Fondo Antonio Fraguas Fraguas*.
- (1959): “El Conde de Covelo”, *Lar. Revista de la Asociación Gallega de Beneficencia y Mutualidad. Hospital Gallego* 302, 17-18.
- (1968): “Sebastián González García-Paz. Notas da súa vida e de seu tempo”, *Grial* 21, 334-357.
- (1977): “O gaitero de Soutelo”, *El Correo Gallego* 26/VIII/1977.
- (1985): *Aportacións ó cancionero de Cotobade*. Trasalba (Ourense): Fundación Otero Pedrayo.
- (1988): “O castro de Famelga”, *Faro de Vigo* 13/II/1988.
- (1989): “O san Roque de Carballedo”, *Faro de Vigo* 15/VIII/1989.
- (1999): “O lugar e a casa onde nacín”, *Grial* 144, 621-629.
- (2019): *As coplas que se cantaban nas ruadas de Loureiro de Cotobade. Roseiras e paxariños nas cantigas dun serán*. A Coruña: Real Academia Galega. <https://doi.org/10.32766/rag.342>

- García Liñeira, María e Amelia Tomé Cruz (2001): “Entrevista”, *Xeada. Xornal do I.E.S. Antonio Fraguas Fraguas* [monográfico: *Antonio Fraguas. In memoriam*], 29-35.
- González Pérez, Clodio (1998): *Antonio Fraguas. Profesor, xeógrafo, historiador, antropólogo. Galego de ben*, Vigo: Ir Indo.
- (2019a): “Antonio Fraguas Fraguas: un dos bos e xenerosos”, *Raigame. Revista de Arte, Cultura e Tradicións Populares* 43, 6-17.
- (2019b): “Antonio Fraguas Fraguas. Cronobiografía”, en Luís Cochón e Justo Beramendi (eds.), *Antonio Fraguas: laboris causa. Trigo limpo candéal*. Cadernos Ramón Piñeiro XXXIX. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 23-53.
- González Reboredo, Xosé Manuel (1997): “Notas dunha conversa con Antonio Fraguas”, *Revista Galega do Ensino* 17, 13-34.